

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAI E A FEDERACIÓN XOC AGRUPACIÓNS DE DANZA E MÚSICA TRADICIONAL GALEGA PARA A REALIZACIÓN DO PROGRAMA DE BAILE E MÚSICA TRADICIONAL "DANZA 3 XACOBEO 21.22" EN 2021**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O *director da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* **DECLARA:**

Que a *Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* pretende formalizar coa Federación XOC Agrupacións de danza e música tradicional galega o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o **día de sinatura do convenio ata o 30 de decembro de 2021**.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O establecemento do marco de colaboración entre as partes para realización do programa de baile e música tradicional Danza 3 Xacobeo 21.22, que se desenvolverá entre os meses de xullo a setembro de 2021 en quince localidades galegas a través de 12 actuacións con formación de baile e acompañamentos e 3 actuacións musicais.

Que o instrumento convencional fundaméntase no seguinte:

Danza 3 Xacobeo 21.22 é un proxecto arredor do folclore que desenvolve espectáculos de música e baile tradicional co obxectivo de visibilizar o baile e a música tradicionais de Galicia. Desde o inicio do proxecto no ano 2008, os sucesivos espectáculos que conformaron Danza 3 percorreron Galicia contribuíndo á difusión e divulgación dunha parte esencial da cultura de Galicia e proporcionándolle ao público unha información fundamental para que poida comprender e valorar na súa xusta medida a importancia do noso patrimonio inmaterial. Durante estes anos, as agrupacións levaron os seus espectáculos en diferentes formatos por máis de 180 concellos de Galicia, nun circuito definitivamente consolidado grazas ó afianzamento dunha imaxe propia respaldada polos lugares onde se desenvolven as actuacións.

O proxecto reúne as claves que fundamentaron a recuperación do folclore galego e a súa consideración como un conxunto de saberes intrinsecamente valioso (o traballo de campo, a compilación de material videográfico, a edición e publicación de discos e monografías baseados neste material, etc.) cos elementos que cabe atopar detrás do concepto de espectáculo: deseño escenográfico, recurso a equipos técnicos de luz e son, elaboración detallada da posta en escena, etc. E todo este esforzo no fomento dun ámbito de noso como da cultura popular que realiza a Federación coa organización deste programa e o traballo que estudo e investigación que o respalda, coincide coa liña de difusión e promoción da cultura galega que a Agadic está a levar a cabo, de aí que considere fundamental a colaboración mutua nestas iniciativas, que garanten a calidade, profesionalidade e o éxito, sen dúbida, do programa.



Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpóñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela.

